

A XERENCIA SANITARIA COMPOSTELÁ INTRODUCE EN GALICIA UNHA NOVA TÉCNICA PARA TUMORES PULMONARES MOI REDUCIDOS

- ***Xa se beneficiaron os primeiros doentes***
- ***Trátase dunha técnica de cirurxía radioguiada intraoperatoria en doentes con tumor pulmonar de tamaño reducido***

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.- Profesionais da xerencia sanitaria de Santiago foron os primeiros en introducir en Galicia unha novidosa técnica de cirurxía radioguiada intraoperatoria para tumores pulmonares reducidos, da que xa se beneficiaron 2 doentes.

Na última década, o diagnóstico dos nódulos pulmonares foi incrementándose de forma notable debido á melloría na sensibilidade das técnicas de imaxe e ó seu uso rutineiro. Unha alta porcentaxe destes nódulos pulmonares poden ser malignos, polo que o seu diagnóstico precoz é fundamental.

A cirurxía radioguiada dos nódulos pulmonares (ROLL pulmonar) é un procedemento innovador para a detección de nódulos pulmonares de difícil palpación e abordaxe cirúrxica, e require unha completa sincronización e colaboración entre os servizos involucrados: Cirurxía Torácica, Medicina Nuclear e Radioloxía.

A técnica iníciase 24 horas antes da cirurxía, cunha inxección intrapulmonar, dirixida mediante un estudo tomográfico, dunha solución que contén macroagregados de albúmina marcados radiactivamente con *tecnecio MAA-99Tc* e un contraste iodado. Posteriormente, realízase un control tomográfico e gammagráfico para previr calquera complicación que se poida presentar e comprobar que a inxección está no lugar adecuado.

Ao día seguinte realízase en quirófano unha vídeo toracoscopia, procedemento minimamente invasivo, cunha baixa morbilidade e cun tempo de hospitalización moi curto. Durante a cirurxía procédese á localización cunha sonda de detección gamma (Probe) da área de máxima intensidade de sinal numérico e acústica radioactiva e finalmente procédese á resección cirúrxica da lesión e posterior estudo en Anatomía Patolóxica.

Xa se beneficiaron os primeiros 2 doentes e hai outro en estudo, de esta nova técnica empregada no Hospital Clínico polos doutores García Prim (xefe de servizo de Cirurxía Torácica), Abou Jokh Casas e Miguel Garrido Pumar, do servizo de Medicina Nuclear, e Anxo Martínez de Alegría, do servizo de Radioloxía.

Saúdos